

**ADDENDA Á PROGRAMACIÓN
DO DEPARTAMENTO DE
FÍSICA E QUÍMICA
CURSO 2021/2022**

Modificacións introducidas nas programacións do Departamento de Física e Química para o curso 2021/2022 en relación coa ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

Programacións de 2º, 3º e 4º da ESO

Apartado 4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Aclaración con respecto ás actividades a desenvolver entre o 6 e o 22 de xuño:

- **Actividades de apoio, reforzo e recuperación, ampliación e titorización**
- **Preparación e realización de probas extraordinarias**

1º) Faranse actividades de apoio, reforzo, recuperación e titorización con aquel alumnado que ao rematar a terceira avaliación teña suspensa algunha das avaliacións parciais (1ª, 2ª e / ou 3ª), tendo en conta o informe de avaliación individualizado.

2º) Co alumnado que superase as tres avaliacións parciais faranse actividades de titorización e ampliación de contidos vistos ao longo do curso ou relacionados con algunha parte do currículo que por falta de tempo non estivera traballada nesas datas.

3º) Onde di “Preparación e realización de probas extraordinarias” debe dicir “Preparación e realización de probas de recuperación das avaliacións parciais para a avaliación final”.

APARTADO 7.- AVALIACIÓN

1º) Elimínase o apartado 7.5 (Procedemento de Avaliación Extraordinaria).

2º) Inclúese que as **actividades de ampliación** realizadas no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final poderán supor unha modificación da nota media das tres avaliacións acadada polo alumnado ata un máximo dun 10%.

Programación de 1º de Bacharelato

Apartado 4.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Aclaración con respecto ás actividades a desenvolver entre o 6 e o 22 de xuño:

- **Actividades de apoio, reforzo e recuperación, ampliación e titorización**
- **Preparación e realización de probas extraordinarias**

1º) Faranse actividades de apoio, reforzo, recuperación e titorización con aquel alumnado que ao rematar a avaliación final ordinaria teña suspensa algunha das avaliacións parciais (1ª, 2ª e / ou 3ª) para preparar as probas extraordinarias. Estas probas realizaranse, tamén, neste período, nas datas fixadas para tal fin pola Xefatura de estudos.

2º) Co alumnado que superase a avaliación final ordinaria faranse actividades de titorización e ampliación de contidos vistos ao longo do curso ou relacionados con algunha parte do currículo que por falta de tempo non estivera traballada nesas datas.

ATENCIÓN AO ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA DURANTE O CURSO

Prestaráselle especial atención a aquel alumnado que se incorpora ao centro no transcurso do curso, para intentar, na medida do posible, facilitarlle o seguimento da materia e a recuperación das partes traballadas con anterioridade a súa incorporación. Para iso:

- Seguiranse as indicacións dadas pola Xefatura de estudos e o Departamento de Orientación.
- Elaborarase un plan de recuperación personalizado relativo á materia abordada antes de que o/a alumno/a chegase ao centro para preparar a recuperación da mesma, particularmente daquelas partes propedéuticas para cursar a materia en cursos posteriores.